

Esta vez, dende a área de **Ciencias Sociais** imos traballar cos Parques Nacionais Protexidos.

Un parque nacional é un lugar natural, e dicir, no que apenas interviñeron os seres humanos. Este lugar natural destaca pola beleza das súas paisaxes, pola cantidade e variedade de flora e fauna que ten, polo ben conservado que está... Por iso temos é necesario conservar e protexer toda a **biodiversidade** deses lugares.

Concretamente, traballaremos co **Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia**, analizando diferentes páxinas webs e dando resposta as seguintes cuestións.

1. En qué parte de Galicia se atopa o Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia? No norte ou no sur de Galicia? No este ou no oeste? Para sabelo, pescudade en Google Maps.

2. O Parque Nacional das Illas Atlánticas é unha paisaxe de interior ou de costa? Por que o sabedes?

3. Por que illas está formado o Parque Nacional das Illas Atlánticas? Se clickades neste enlace <http://galicianaturaleunica.xunta.gal/es/parque-nacional-illas-atlanticas> atoparedes a resposta.

Ademais, poderedes botarlle un ollo ás espectaculares imaxes das illas que se atopan a dereita.

4. Na mesma páxina que che indiquei no exercicio anterior, le o apartado de introducción.

¿Como se chama a mellor praia do mundo según o periódico “The Guardian”?

¿Que beneficios ten para o medio ambiente que as Illas Cíes estén deshabitadas, é dicir, que non viven alí persoas? (non copiedes literalmente, pensade).

5. Na mesma páxina que che indiquei no exercicio anterior

(<http://galicianaturaleunica.xunta.gal/es/parque-nacional-illas-atlanticas>) se baixades un pouquiño, atoparede o apartado de SERVIZOS.

Imaxinade que queremos facer unha excursión e queremos durmir nas Illas Cíes.

Poderiamos?

E se quixésemos durmir na Illa de Sálvora?

Imaxina que o prezo do barco para chegar ás Illas Cíes custa (so a ida) 14 euros para adultos.

Para os nenos, custa a metade. Se queres viaxar ti e a túa familia, ¿Canto teriades que pagar en total? *Recorda que tedes que ir e volver, non podedes quedar nas illas eternamente....*

Datos:

Operacións:

Solución:

Imaxina que pasar unha noite nas Illas Cíes custa 8 euros por adulto e 5 euros por neno/a. Imaxina que queredes acampar toda a familia. ¿Cántos cartos gastariades se queredes acampar durante 3 noites?

Datos:

Operacións:

Solución:

6. Na mesma páxina, a dereita, podedes acceder a un apartado que se chama “El tiempo”. Se clickades áí, davos a posibilidade de coñecer o tempo que fará nos próximos días. Como cando miramos na clase o tempo e a temperatura que indicaba o móvil, recordades?


Necesito que me indiques o tempo previsto para a mañá do xoves 30 de abril no Parque Nacional das Illas Atlánticas. E dicir, teredes que contarme se está previsto que faga sol, nubes, chuvia, neve, treboada...

Para iso, teredes que observar o mapa e fixarvos nos símbolos que aparecen. (Se non sabedes que significan os símbolos, podedes consultalos no apartado da lenda).


Xa sabemos que a lenda sérvenos para interpretar e coñecer mellor os símbolos e as cores que aparecen nos mapas.

Explicade aquí o tempo previsto para ese día:

Mapas de predición para martes, 21 de abril de 2020



Mañá (6-14 H)




Tarde (14-21 H)



Noite (21-6 H)

Temperaturas



Mínimas Máximas

	MÍNIMA-MÁXIMA	
A Coruña	14°	17°
Ourense	12°	22°
Vigo	12°	19°
Ferrol	13°	18°
Pontevedra	12°	21°
Santiago de Compostela	10°	16°
Lugo	9°	17°

Enlaces de interés

[Predicción do martes](#)[Predicción completa](#)[Manual de uso](#)[Lenda](#)

7. Xa sabemos que, nos espazos protexidos, existen unhas NORMAS que debemos cumplir para conservalos. Moitas veces, estas normas podémolas ver como carteis informativos cando chegamos a eses lugares. Na clase vimos moitos deses carteis, recordades?

Neste páxina web <https://www.miteco.gob.es/es/red-parques-nacionales/nuestros-parques/islas-atlanticas/guia-visitante/recomendaciones.aspx> están recollidas as normas que debemos cumplir cando visitemos este parque natural.

Le todas as normas e escolle as tres que che parezan máis importantes, explicando por que.

1.

2.

3.

Se tes un can e queres levalo ás illas, poderías viaxar con él? Fíxate nas normas.

8. Nesta páxina, atoparás 5 consellos imprescindibles se queres visitar as Illas Cíes.

<http://www.turismodevigo.org/es/5-recomendaciones-para-visitar-las-islas-cies>

Agora que xa coñeces un pouco máis as illas, ocórrese che algúm máis que debas incluir?

Para finalizar, déixovos por aquí o enlace a este vídeo onde se poden observar os sons das diferentes illas que forman parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas, por se o queredes escoitar:

<https://www.youtube.com/watch?v=bVI1De8VloY>

Transmite tranquilidade, verdade?

Que son de animal se escoita a maior parte do tempo? _____.